



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN CILINDRO DE ELEVACIÓN PARA O VEHÍCULO AUTOESCALA DO PARQUE DE CARBALLO, PERTENCENTE AO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

**EXPEDIENTE:** 2024/C005/000007

Á vista da documentación incorporada no expediente para promover a contratación da subministración e instalación dun cilindro de elevación para o vehículo autoescala do parque de Carballo, pertencente ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, elabórase a presente memoria xustificativa da contratación de referencia:

### 1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

#### 1.1 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a subministración e instalación dun cilindro de elevación para o vehículo autoescala do parque de Carballo. A descrición e características da subministración a realizar e a maneira de levar a cabo a prestación polo adxudicatario serán as estipuladas no prego de prescricións técnicas particulares e administrativas a satisfacer mediante o contrato e aos factores de toda orde a ter en conta.

#### 1.2 NECESIDADE ADMINISTRATIVA A SATISFACER EN RELACIÓN CO OBXECTO DO CONTRATO

I. O pasado día 1 de febreiro do presente ano, durante a intervención con referencia 01-2024-0017, detéctase a existencia dunha fuga de aceite hidráulico no lado dereito do armazón do vehículo de altura, PAVE 01-2024-0013. Dita avaría afecta á estrutura principal, na súa extensión e recollida. Tendo constancia que no ano 2019 procedeuse a reparar integralmente o cilindro de extensión dereito en fábrica, PAVE 01-2019-0017.

II. Os cilindros de elevación das autoescaleras son elementos sometidos a desgaste e susceptible de danos externos. O vástago dos mesmos precisa dunha superficie sen para evitar que as xuntas de presión (único elemento recomendable de substituír por ser elemento de desgaste) e a estanquidade dos mesmos dánense e pódase producir unha fuga de hidráulico e de presión. Ao levar dous cilindros de extensión xunto co sistema de repartición de presión e sistema anticaídas, a avaría ou un correcto funcionamento non deriva en perigo inminente para os usuarios da mesma (non pode caerse o tramo de escaleiras) pero si provoca fallos no sistema, perigo de esvaramento polas manchas de aceite e unha perda de rendemento.

III. A reparación do vástago danado dun cilindro de extensión non é viable técnica nin economicamente debido aos medios necesarios e as súas dimensións, así como a imposibilidade de garantir o correcto funcionamento nun elemento fundamental da autoescalera.

IV. Dado que o servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento é un servizo básico, por canto afecta á seguridade e salvagarda das persoas, bens materiais e o medio ambiente, a prevención, extinción de incendios, salvamento e prevención de calquera tipo de risco ou sinistro de natureza potencialmente perigosa ou catastrófica, esixe dar por parte do Consorcio unha resposta idónea, rápida e eficaz, para o que é preciso contar cos medios materiais e técnicos idóneos.



V. É polo exposto que a contratación da subministración e instalación dun cilindro de elevación para a autoescala de Carballo, responde a unha necesidade inaprazable cuxa adxudicación é preciso acelerar por razóns de interese público ao tratarse dun servizo de emerxencias. Todo iso deriva na necesidade de **declarar a urxencia da contratación**.

## 2. CLASIFICACIÓN CPV

O presente contrato contén codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) Nº 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) Nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV. A citada codificación é a seguinte:

50114100-8 - Servicios de reparación de camiones

## 3. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de entrega da subministración e instalación obxecto da presente contratación será de 30 días a partir do día seguinte á data de formalización do contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

Si se producise demora no cumprimento dos prazos de inicio do contrato por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 196 da LCSP.

## 4. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Para o cálculo do valor estimado tomase como referencia os prezos actuáis do mercado.

O que informo aos efectos oportunos.

Carballo, na data sinalada na firma dixital

O xerente